



MISA CON NENOS

13 de xuño de 2021

Tempo ordinario 11-B

Marcos 4, 26-34: *“É a semente máis pequena e faise máis alta que as demais hortalizas”*



11. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: sede benvidos a esta celebración no día do Señor. Reunímonos como crentes, como Igrexa para dar grazas a Deus e a escoitar a súa Palabra que nos orienta, ensínanos e anímanos na nosa vida diaria. Hoxe as lecturas deste domingo 11 do tempo ordinario invítannos a cultivar a semente da fe nas nosas vidas que fará cambiar o deserto da nosa vida nun fermoso xardín. Pidamos o don da fe. Acudamos ao bo xardineiro que é Deus para que faga xerminar, crecer e espertar o tesouro da fe nas nosas vidas para dar abundantes froitos.

(O Cartel de Fano deste domingo cunha cestiña de sementes).

No nome... - *Que Xesús, que é a semente enterrada que deu froitos de perdón e de salvación, sexa convosco.*

2. PETICIÓN DE PERDÓN

Nun momento de silencio, poñámonos ante Deus e pidámoslle que nos renove e nos perdoe.

- Por non ser máis entusiastas coas cousas de Deus. Por non ofrecer as nosas mans alá onde son necesarias para que Cristo siga falando e vivindo. **Señor, ten piedade de nós.**
- Porque non nos damos conta de que o Señor segue sementando con amor e con paciencia a través de nós. **Cristo, ten piedade de nós.**
- Por crer que todo depende de nós cando é Deus o que fai xerminar e crecer a fe. **Señor, ten piedade de nós.**

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Hoxe no evanxeo, escoitaremos en parábolas como crece o Reino de Deus, esta vez como o trigo ou a mostaza. Na lectura de Ezequiel, o Señor fai crecer dunha semente unha gran árbore, que todos poderán ver. E S. Paulo afirma que nosa gran ambición non ten que ser outra que a de ser fieis ao Señor e vivir na súa presenza.

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) O mesmo que o labrador espera con ilusión os froitos da semente, tamén nós achegámonos ao Pai con fe dicindo: -Pedímoscho, Señor.

- 1.- Para que reine no mundo a paz e entre nós o amor e a alegría. **Oremos.**
- 2.- Para que aprendamos a valorar as pequenas cousas, os detalles, os pequenos xestos que alegran a vida de tantos. **Oremos.**
- 3.- Para que traballemos unidos e saibamos facer felices aos demais. **Oremos.**
- 4.- Para que os pobres, os parados e os que sofren reciban o noso apoio xeneroso. **Oremos.**
- 5.- Para que construíamos o reino de Deus dando froitos abundantes de amor e fraternidade. **Oremos.**
- 6.- Pola nosa comunidade parroquial para que sexa un lugar de encontro, de acolleita e de envío. **Oremos.**
- 7.- Polos esforzos de tantas persoas, sacerdotes, catequistas, grupos de pastoral? Para que sigan sementando de palabra e de obra. **Roguem os ao Señor.**

(Sacerdote) Ven, Xesús, queda connosco, dónos calor e esperanza, dónos alegría e fe. Por XCNS. Amén

5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

UNAS SEMILLAS: Ofrecémosche, Señor estas sementes e dicímosche: Contigo, Señor, sementaremos ilusións e esperanzas nun mundo que chora perdido, alegría e fortaleza aos que caen na tristeza, amor ao ceo cando digan que Ti non existes, a túa presenza salvadora cando nos atopemos perdidos. Dónos a alegría de saber que somos sementes do teu Reino.

PAN E VIÑO Co pan e co viño ofrecémosche, Señor, o traballo de tantos que colaborasen na construción do teu Reino de paz, de xustiza, amor. Que non nos cansemos nunca, que a nosa fe sexa grande e que sintamos ti es o motor, a forza imparabile.

6. SUXESTIÓNS

- Trala Pascua e as grandes solemnidades lemos de novo o evanxeo de Marcos do tempo ordinario. É este tempo o da vida cotiá, sen as grandes festas. Cor verde.
- No evanxeo lemos dúas parábolas: a semente que crece soa (sobre a forza que ten dentro a mesma semente) e a do gran de mostaza (desde a pequenez faise grande). É o que pasa coa fe e co proxecto do Reino de Deus para o mundo, un proxecto de amor. Xa na primeira lectura Deus fala de que fai crecer dunha semente unha gran árbore que todos poderán ver.
- O conto "Pequenas sementes", pódenos axudar a explicar a importancia do pequeno, que podemos pasar pola vida sementando pequenas sementes que van xerminando e transformando o mundo: transmitir esperanza, derramar compañía, regalar tenrura, estar cerca do que o pasa mal?, esas tamén son as sementes do Reino. Ver en <https://www.youtube.com/watch?v=e085OAw07Yk>

*Nunca sabrás el alcance de tus obras.
Nunca sabrás la capacidad
de las semillas que siembras.
Pero no pienses en ello,
simplemente siembra
y siéntete feliz en ello.*

7. VIDEOS 11º ORDINARIO-B A semente e o gran de mostaza (Mc 4,26-34)

- A semente que crece soa, canción de Valiván: <https://www.youtube.com/watch?v=BS9pGbSWUe4>
- A semente de mostaza, canción de Valiván: <https://www.youtube.com/watch?v=pSIRtEuTndQ>
- O fermento, canción de Valiván: <https://www.youtube.com/watch?v=e6D3-d6W-Ls>
- Diapositivas O gran de mostaza e o fermento parábola: https://youtu.be/65M5HblgA_E
- Evanxeo, canción: <https://youtu.be/KKIBnma591Ou>
- O Reino de Deus, Javier Brú, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=Jbb1m-pYVnM>
- Mc 4,26-34, evanxeo e explicación: <https://youtu.be/zySIs6tIOR8>
- Cuestión de sombras, Verbo Divino 2012, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=CJkqLKRzWlQ>
- Pequenas sementes, Verbo Divino 2015, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=e085OAw07Yk>
- Sementes dunha nova humanidade, Verbo Divino 2018, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=uXSB35fwsvQ>
- "Sementes revolucionarias" - Verbo Divino 2021 <https://www.youtube.com/watch?v=uXSB35fwsvQPQI8>
- Evanxeo en linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=a90oueMSweI>
- A semente da fe, canción: https://www.youtube.com/watch?v=izNkqZli_F8
- O reino de Deus, Dumas e Mary: <https://www.youtube.com/watch?v=gNRNSvfUG8w>
- Ide e ensinade https://www.youtube.com/watch?v=sY_yzdPWoe



O CONTO DA SEMENTE

Oculto no corazón / dunha pequena semente / baixo a terra unha planta / en profunda paz durmía.
Esperta! dixo a calor. / Esperta!- a choiva fría. /
A planta oíu a chamada, / e quixo ver que ocorría.
Púxose un vestido verde / e estirou o corpo cara arriba.
De toda planta que nace, / esta é a historia da vida.
(Manuel F. Juncos)

O QUE QUERO SER: Señor...

quero ser pastor que vele polos seus;
árbore frondosa que dea sombra ao canso;
fonte onde beba o sedento.
Quero ser canción que inunde os silencios;
libro que descubra horizontes remotos;
poema que desxee un corazón frío;
papel onde se poida escribir unha historia.
Quero ser risa nos espazos tristes,
e semente que prende no terreo ermo.

Ser carta de amor para o solitario, e grito forte para o xordo...

Quero ser pastor, árbore ou fonte, canción, libro ou poema...

Papel, risa, grito, carta, semente...

O que ti queiras, o que ti pidas, o que ti soñes, Señor... iso quero ser.

(José M^a Rodríguez Olaizola).

